

## **PREMIOS DE ARQUITECTURA E REHABILITACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 2023**

### **PREMIO Á TRAXECTORIA PROFESIONAL**

#### **Pedro de Llano Cabado**

Propoñentes: Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña e Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

O coruñés Pedro de Llano volve a Galicia tralo remate dos seus estudos na Escola de Arquitectura de Madrid en 1976, instalándose en Santiago.

Inicia a súa actividade profesional como arquitecto en Santiago, exercendo a arquitectura tanto na súa oficina profesional como nos espazos políticos e sociais nos que a sociedade precisaba da arquitectura.

#### **Pedro de Llano, valedor da arquitectura sen arquitectos**

Será na anónima arquitectura popular onde Pedro coloca a súa atención, buscando as razóns dunha racionalidade construída por mans anónimas, que levantan unha cultura que naquel momento empeza a desaparecer. A súa preocupación por reivindicar-lo protagonismo cultural da arquitectura popular, levouno a recorrer Galicia de parte a parte analizando e documentando de primeira man todo aquel legado. De resultas desta peregrinaxe pola nosa xeografía Pedro produce un irrepitible catálogo gráfico daquelas arquitecturas nunca antes debuxadas, que darán lugar en 1981 e 1983 aos seus dous tomos da enciclopédica "Arquitectura popular en Galicia". Esta investigación cimentou o pensamento e o debate de xeracións enteiras de profesionais da arquitectura acerca do recoñecemento debido e a forma de recuperar a nosa arquitectura popular.

No ano 1996, quince anos despois da publicación do primeiro tomo de Arquitectura Popular, revisa os materiais no seu día publicados incorporándolle a aquel inventario unha reflexión persoal sobre o interese da súa potencial rehabilitación. Resultado deste empeño, publica "Razón e Construción" onde impregna de contemporaneidade todo o aprendido. Esta liña de investigación tivo o seu colofón na exposición e o libro "Compañeiros de Oficio", desenvolvida no ano 2012, patrocinada pola Fundación Barrié, onde se achega aos profesionais que coma el utilizaron as aprendizaxes do vernáculo para construír arquitectura contemporánea.

O traballo de investigación e difusión de Pedro de Llano ten outros fitos notables como o seu impulso ao Proxecto Terra. Aquel instrumento pedagóxico, recoñecido co Premio Nacional de urbanismo e que leva mais de vinte anos introducindo a cultura arquitectónica na educación obrigatoria como recurso imprescindible para alimentar nas xoves xeracións o cambio cara un modelo de desenvolvemento sustentable do territorio e a arquitectura.

#### **Pedro de Llano, construtor de emocións**

A obra construída por Pedro de Llano con frecuencia o leva a intervir sobre o patrimonio construído, xa sexa unha aldea enteira como fixo en Piornedo de Ancares en 1986, debuxando as directrices para unha planificación que mais aló da arquitectura pretendía un desenvolvemento sustentable e social.

Noutros casos a obra de Pedro transforma edificios monumentais, como cando tivo que adaptar parte das Dependencias do Pazo de Raxoi para acoller nelas o Consello da Cultura Galega.

A inserción do seu proxecto en Raxoi supúxolle unha inmejorable ocasión para reflexionar sobre as cuestións relacionadas coa rehabilitación do noso patrimonio histórico e explicárnolo cun brillante exemplo.

Para Pedro de Llano, o concepto de rehabilitación non debería nunca ser entendido como devolución dun edificio a un estado similar ó primitivo, obxectivo só explicable para algunha particular actuación restauradora. Para el, ó rehabilitar calquera dos nosos monumentos, non nos queda

outra alternativa que pensar na respectuosa continuidade dun determinado testemuño arquitectónico a través do tempo, mais sen esquecer que cando falamos dun edificio histórico estamos falando dunha arquitectura viva, dun edificio que foi obxecto ó longo dos séculos, de numerosos cambios e intervencións e que o levaron ó seu estado actual.

Rigor e oficio tamén aparecen na obra de nova planta de Pedro de Llano, como na urbanización do Tremo, feita en colaboración con Iago Seara no concello de Brión. Este conxunto residencial xorde do continuo diálogo entre a edificación e o seu medio, tanto no deseño do contedor coma no tratamento dos seus arredores inmediatos, realizados cunha actitude realista que, evitando toda frivolidade, ten en conta as limitacións presupostarías e técnicas, e que son froito dunha praxe creativa capaz de potenciar a busca de novos horizontes desde unha personalidade diferenciada, cunha linguaxe propia para cada arquitectura, fortalecendo o seu papel comunicador. En contraposición ás actitudes megalómanas que entenden que a arquitectura soamente é recoñecible nas grandes obras ou nos edificios institucionais, Pedro de Llano defende con absoluta claridade que as dimensións dunha obra pouco teñen que ver coa súa transcendencia cultural. Sexa cal fora a súa obras –unha vivenda unifamiliar, un modesto dispensario, un cemiterio rural, unha parada de autobús ou a pequena praza dunha vila- todas xogan un papel determinante na definición do escenario vital da comunidade.

### **Pedro de Llano, unha obra transcendente**

Non abundan en Galicia as reflexións que pretenden conectar a tradición arquitectónica e a arquitectura do futuro. Pedro de Llano asumiu o compromiso de abordar a reflexión desde esta perspectiva nas peculiaridades e circunstancias do traballo creativo dos profesionais da arquitectura, situándose no punto de encontro entre os que ven a necesidade de recuperar os nosos sinais de identidade, como base para o progreso da nosa cultura, e os que sensibles ás mais arriscadas indagacións teóricas e creativas da cultura universal do seu tempo, están dispostos a asimilalas.

Pedro arríscase e defende a necesidade desta visión dual do local e o universal na práctica da arquitectura. Para el resulta esencial incorporar á nosa cultura –e polo tanto á nosa arquitectura- todos aqueles aspectos e actitudes innovadores extraíbles de calquera das grandes correntes do pensamento universal, pero tendo sempre moi presente que o desenvolvemento do pensamento arquitectónico deberá, sempre, manter a súa singularidade desde a especificidade de cada situación. Propón unha arquitectura que, lonxe pretende-la extensión imitativa das súas características formais, deba recoller o seu espírito impregnándose na súa lóxica de integración no medio, na súa racional utilización e transformación da tecnoloxía e dos materiais ó seu alcance, e unha permanente e dialéctica relación entre a función e a forma que lle ofrecería ó traballo dos arquitectos unha exacta delimitación entre o substancial e o superfluo.

A investigación e a obra construída de Pedro de Llano sintetiza o seu sentir como debe ser o compromiso dun profesional da arquitectura co seu país, coa súa xente e co seu tempo.

Agradamos que o recoñecemento á súa obra dea azos a todos os creadores que traballan na definición dos mellores espazos nos que desenvolver as nosas vidas.